

TITULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS
Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia
Técnica e práctica da conservación activa e preventiva dos bens pictóricos

Departamento: Conservación e restauración de pintura

Obrigatoria da especialidade	Curso: 4º pintura	2º Cuadrimestre	8 ECTS
------------------------------	-------------------	-----------------	--------

Teórico-práctica

 Araceli Torres Fernández
 aracelitorres@edu.xunta.gal

Horario: 10 horas semanais

DESCRIPCIÓN DA MATERIA

Aplicación dos sistemas e técnicas de intervención para a conservación activa e preventiva, e restauración da pintura contemporánea. Estudo de alteracións, para establecer diagnoses e propostas de tratamento. Definición dos criterios de intervención aplicables. Execución dos tratamentos de conservación-restauración propios, mediante obra real ou, ocasionalmente maquetas. Elaboración de informes.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X1	Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuña documental para o seu respecto e transmisión.
X2	Coñecer e identificar a composición material do ben cultural e os procedementos e técnicas empregados na súa elaboración.
X4	Determinar os exames ou análises precisos e avaliar os seus resultados.
X7	Deseñar sistemas e tratamentos de conservación e restauración.
X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinario.
X15	Coñecer os riscos laborais e as medidas e normas de seguridade e saúde e a súa aplicación para o restaurador, os bens culturais e o medio.
X16	Avaliar a eficacia dos tratamentos realizados.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE DE PINTURA

EP1	Diagnosticar as alteracións dos bens pictóricos e dos seus materiais constitutivos mediante o seu exame, identificación, análise e valoración.
EP2	Decidir e executar os tratamentos máis adecuados a cada caso, poñendo en práctica os coñecementos,

	os criterios, os procedementos técnicos e as habilidades e destrezas adquiridas.
EP4	Planificar, documentar e facer o seguimento do proceso de conservación e restauración dos bens pictóricos, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.
EP5	Establecer un diálogo interdisciplinario con outros profesionais relacionados co ámbito do patrimonio cultural, especialmente no concenrente ao patrimonio pictórico.
EP8	Realizar unha análise crítica da metodoloxía, os tratamentos e os materiais empregados e avaliar a eficacia da intervención realizada.
EP10	Utilizar os recursos que as novas tecnoloxías facilitan para o desenvolvemento do exercicio profesional.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA

Coñecer o léxico fundamental relacionado coas técnicas básicas de conservación-restauración.
Coñecer métodos de traballo e materiais na plástica do s. XX.
Coñecer métodos de rexistro, documentación, estudo e análises aplicables aos bens culturais.
Relacionar os conceptos teóricos cos prácticos. Recoñecer e identificar as alteracións cos factores posibles de degradación.
Coñecer os produtos e a metodoloxía de aplicación nos tratamentos fundamentais e máis frecuentes da conservación e restauración na plástica contemporánea.
Saber esbozar e desenvolver un programa de traballo aplicado aos bens culturais.
Saber elaborar un informe de conservación e restauración.

UNIDADES DIDÁCTICAS

Unidade	Subtemas	% da materia	Temporalización. Horas de aula e estudo autónomo
Criterios de intervención no arte contemporáneo		20 %	27
Técnicas e materiais empregados no arte contemporáneo	Evolución dos materiais da industria empregados na obra contemporánea: <ul style="list-style-type: none"> • Materiais poliméricos. Plásticos • Fibras e téxtiles • Derivados da industria madeireira Materiais tradicionais combinados cos industriais Os monocromos	20 %	33 + 5 de aprendizaxe autónomo
Factores de deterioro na arte contemporánea		15 %	20 + 5 de aprendizaxe autónomo
Conservación indirecta ou preventiva na arte contemporánea		20 %	30 + 5 de aprendizaxe autónomo

Tratamentos de conservación activa e restauración na arte contemporánea		20 %	65
Os museos de arte contemporáneo	A función dos museos na conservación das obras. Casos reais e prácticos de restauración.	5 %	5

PLANIFICACIÓN DOCENTE

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Sesións expositivo-participativas	15		15
Traballo tutelado - corrección e elaboración de informes	10	5	15
Estudos de caso, lecturas, debates e outras actividades	35		35
Traballo de laboratorio	120		120
Aprendizaxe autónomo		15	15
Total	180	20	200

METODOLOXÍA DOCENTE PRESENCIAL

Metodoloxía	Descrición
Sesións expositivo-participativas	Exposición das bases teóricas da materia, sobre as que construír o traballo autónomo, utilizando as presentacións orais e outras ferramentas, como literatura científica e cuestións do alumnado. Faranse de modo presencial na aula.
Debates, estudos de casos e outras actividades	Charlas abertas e comentario crítico (oral ou escrito) ou resumos a partir da lectura de artigos científicos, capítulos de libros, novas de prensa escrita/dixital, apuntamentos, etc., relacionados coas unidades didácticas. Os exercicios de comentario, reflexión e propostas de intervención serán realizados de forma individual ou cooperativa baixo indicación docente; outras actividades como visitas externas e traballos asociados a elas. As actividades orais realizaranse na aula e as actividades escritas serán entregadas en formato papel na aula ou .pdf a través da plataforma Moodle, a determinar pola docente.
Traballo de laboratorio	Traballo individual ou en grupo na aula baixo a supervisión do profesor. O estudante, mediante un exercicio de integración e síntese, terá que por en práctica os coñecementos e competencias adquiridas, mediante o desenvolvemento e pericia na correcta actuación de conservación e restauración das pezas (bens culturais e ou obras artísticas) intervidas; e a adquisición e desenvolvemento das habilidades básicas e dos

	<p>procedementos, coa aplicación dos coñecementos adquiridos sobre obra real e non real (cobaias) e/ou outras probas prácticas.</p>
Traballos tutelados	<p>O estudante, de maneira individual ou en grupo, fará:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Corrección de informes. • Elaboración de propostas das pezas a tratar. • Realización dos informes das obras intervidas na aula durante o período da materia. Cumprimentarase a Base de datos respecto as obras tratadas, farase a presentación oral na aula e a cesión do traballo intelectual final ao resto do alumnado en formato de documento de texto e en .pdf editable. • Elaboración e desenvolvemento dunha listaxe de termos establecidos pola docente. <p>Será obrigatoria a entrega documental dos traballos (en formato de texto e/ou de presentación de ser o caso).</p> <p>A tutela será presencial na aula e, de ser necesario, nas titorías docentes.</p> <p>As presentacións ou comentarios orais dos traballos tutelados faranse de maneira presencial na aula podéndose usar unha presentación como recurso de apoio.</p> <p>A entrega documental dos traballos ou actividades faranse en formato papel ou por medio da plataforma Moodle, a determinar pola docente.</p>

SISTEMAS DE AVALIACIÓN PRESENCIAL

Método	Criterios	% avaliación
Probas escritas (Presenciais ou telemáticas por Medio da plataforma Moodle)	<p>Cualificación das probas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Aplicación dos coñecementos adquiridos. • Rigor técnico e grao de aplicación de conceptos teóricos. • Corrección no desenvolvemento do exercicio. • Sintaxe e ortografía. • Presentación do exercicio. <p>As probas deben axustarse ao tempo establecido para a súa realización.</p>	35 %
Traballos tutelados e outras actividades orais e escritas	<p>Calidade do traballo, da presentación oral e/ou escrita (comentarios, reflexións, etc.): rigor técnico; grao de aplicación dos conceptos teóricos e outros coñecementos adquiridos.</p> <p>Capacidade de reflexión e síntese para establecer conclusións.</p> <p>Claridade e eficacia na expresión e forma.</p> <p>Capacidade de estruturación.</p>	20%

	<p>Sintaxe e ortografía nos traballos escritos.</p> <p>Asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos.</p> <p>Colaboración, participación e interese.</p> <p>Puntualidade na entrega.</p>	
Intervención, resolución de problemas.	<p>Capacidade de resolución: problemas, imprevistos.</p> <p>Calidade do traballo: rigor técnico; grao de aplicación dos conceptos teóricos e coñecementos.</p> <p>Capacidade de reflexión, síntese para establecer conclusións.</p> <p>Responsabilidade no traballo.</p> <p>Capacidade de organización</p> <p>Colaboración, participación e interese.</p> <p>Puntualidade na entrega.</p>	20 %
<p>Observación sistemática, a través do seguimento do traballo na aula-taller</p> <p>(Por aula enténdese a física coas clases presenciais e/ou a telemática: plataforma Moodle, plataforma Cisco Webex e correo electrónico)</p>	<p>Asistencia e puntualidade (tanto na entrada como na saída).</p> <p>Participación, nas clases con compoñente teórico-práctico ou con outros elementos.</p> <p>Asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos.</p> <p>Responsabilidade no traballo e entrega nos prazos fixados.</p> <p>Calidade nos comentarios, traballos e probas.</p> <p>Capacidade de organización.</p> <p>Colaboración, participación e interese.</p>	25 %
Total		100 %

OUTROS COMENTARIOS SOBRE A AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

A asistencia é obrigatoria. Debido o carácter práctico da materia avaliarase de forma continua o progreso do proceso de aprendizaxe.

A non asistencia ás clases implicará a imposibilidade do desenvolvemento correcto da materia, repercutindo necesariamente na cualificación e na perda do dereito á avaliación que se realiza de modo continuado ao longo do curso; este proceso contempla todos os resultados acadados no traballo de clase: realización de todas as prácticas, exercicios ou traballos dentro do calendario e prazos estipulados, xunto ás probas propostas ao longo do curso.

Os alumnos que acumulen un número de faltas igual ou superior ao 25% do total, ou que non teñan entregado no prazo máximo estipulado dous ou máis dos traballos requiridos, non serán avaliados na convocatoria ordinaria de forma continuada polo que terán que realizar e entregar unha proba escrita específica e outra práctica os días establecidos para a convocatoria ordinaria. Ademais da realización destas probas deben entregar, o día establecido para proba teórica, os traballos e probas individuais propostos ao longo do curso.

Neste caso, a nota da materia sería a suma ponderada de: un 60% o resultado obtido en dita proba e o 40% a valoración dos traballos. No caso de non superar ningunha das dúas posibilidades terán que ser avaliados na extraordinaria.

Aqueles que non asistan as aulas perderán unha parte do valor total da avaliación, que será proporcional:

- Con un valor de non asistencia igual ou superior ao 20% respecto ao total das horas de aula perderán un 40% do valor da nota total da avaliación.
- Con un valor de non asistencia igual ou superior ao 15% respecto ao total das horas de aula, perderán un 30% do valor da nota total.
- Con un valor de non asistencia igual ou superior ao 10% respecto ao total das horas de aula, perderán un 20% do valor da nota total.
- Con un valor de non asistencia igual ou superior ao 5% respecto ao total das horas de aula, perderán un 10% do valor da nota total.

Os que non participen nas actividades da aula, non expoñan ou non faciliten ao resto da aula os traballos ou as presentacións correspondentes encontraranse na mesma situación que no primeiro punto anterior.

Os traballos tutelados, propostas e informes de obra que carezan de calidade (aplicación dos coñecementos adquiridos, rigor técnico,...) e/ou presenten erros de sintaxe e ortografía serán cualificados negativamente.

Informarase ao alumnado ao longo do curso, na aula, sobre a cualificación de cada un dos traballos propostos.

A avaliación ordinaria, continuada ou non, poderá incluír a realización de probas específicas, ademais das probas e procedementos recollidos dentro da aplicación da avaliación continua.

No caso de perda de avaliación continuada na convocatoria ordinaria por causas xustificadas, o departamento poderá establecer, unha vez estudado o caso, a posibilidade de probas alternativas.

Os alumnos que non superaran a convocatoria ordinaria, terán a posibilidade de presentarse á convocatoria extraordinaria. Nesta o alumno terá que realizar unha proba escrita e, unha vez superada esta, unha proba práctica da materia.

De cara á avaliación extraordinaria, de ser o caso, proxectaranse nas titorías didácticas, ou previamente na aula, os procedementos de recuperación previos, alternativos ou complementarios ás probas (escrita e práctica que o alumno terá que realizar no mes de xullo).

ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofrecerase atención personalizada ao alumnado durante todo o curso. As titorías serán presenciais no horario establecido, no despacho do profesor ou no taller, en horario de titoría, con previo acordo para establecer unha hora aproximada de atención e non xerar acumulo e minimizar o tempo de espera.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA:

- ALTHÖFER, H. *Restauración de pintura contemporánea*. Madrid: Itsmo, 2003.
- GARCÍA FERNÁNDEZ-VILLA, S. *Los plásticos en el arte y el diseño hasta 1945: historia, tecnología, conservación e identificación*. Madrid: Facultade de BB AA de la Universidad Complutense, 2010, Obtenido de <http://eprints.ucm.es/11670/1/T32046.pdf>
- LLAMAS PACHECO, R. *Conservar y restaurar el arte contemporáneo. Un campo abierto a la investigación*. Valencia: Editorial de la UPV, 2009.
- LLAMAS PACHECO, R. *Arte contemporáneo y restauración. O como investigar entre lo material, lo esencial y lo simbólico*. Madrid: Editorial Tecnos, 2014.

- MOREIRA TEIXEIRA, J. C. *La creación contemporánea de la materialidad. Los artistas y los límites en la conservación y restauración del arte contemporáneo*. Valencia: Facultade de BB AA de la Universidad politécnica de Valencia, 2009. Obtenido de <http://riunet.upv.es/bitstream/handle/10251/6301/tesisUPV3157.pdf?sequence=1>
- RIGHI, L. *Conservar el arte contemporáneo*. Donostia -San Sebastián: Nerea, 2005.
- ROTAECHE GONZÁLEZ DE UBIETA, M. *Conservación y restauración de materiales contemporáneos y nuevas tecnologías*. Madrid: Patrimonio Cultural. Editorial Síntesis, 2011.
- SCICOLONE, G.C. *Restauración de la pintura contemporánea*. Hondarribia – Guipúzcoa: Nerea, 2002.
- SHASSHOVA, Y. *Conservation of plastics. Materials science, degradation and preservation*. Amsterdam: Elsevier, 2008.

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA:

- BELLIDO MÁRQUEZ, MC. “Evolución material, técnica y conceptual en las obras de Arte Contemporáneo”, *Opción. Revista de Ciencias Humanas y Sociales*, 6. Universidad de Zulia, 2015. Obtenido de <https://www.redalyc.org/pdf/310/31045571007.pdf>
- BELLIDO MÁRQUEZ, MC. “Agentes de deterioro medioambientales: planificar la conservación de las obras de arte” *Opción*, Año 32, No. Especial 11. Universidad de Zulia, 2016. Obtenido de <https://www.redalyc.org/pdf/310/31048902005.pdf>
- CTSeurope. *Catálogo generale*. Roma: CTS, 2014. Obtenido de: http://www.ctseurope.com/pdf/Catalogo_2014.pdf
- *Conservación de Arte Contemporáneo* (desde a xornada 1ª á 21ª). Madrid: Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía y Grupo Español de Conservación, desde o 2009 ao 2020.
- García González, A. “Reflexión sobre la conservación del arte contemporáneo y su aportación a la historia del arte”. *Revista ge-iic. Ge-conservación* nº0. Madrid, 2009. Obtenido de <https://www.ge-iic.com/ojs/index.php/revista/article/view/30/pdf>
- KRAMER KOELLER, G. *Tratado de la previsión del papel y de la conservación de bibliotecas y archivos*. Tomo I. Madrid: Dirección general de archivos y bibliotecas, 1973.
- KRAMER KOELLER, G. *Tratado de la previsión del papel y de la conservación de bibliotecas y archivos*. Tomo II. Madrid: Dirección general de archivos y bibliotecas, 1973.
- LORD, J. *Retrato de Giacometti*. Madrid: La balsa de la Medusa. Antonio Machado Libros, 2005.
- M. REILLY, J. *Care and identification of 9th Century Photographic Prints*. Unitet States of America: Kodak Publication, 1986.
- MUÑOZ VIÑAS, S. *Teoría contemporánea de la restauración*. Editorial Síntesis, Madrid, 2003.
- MAYER, R. *Materiales y técnicas del arte*. Madrid: Hermann Blume, 1988.
- TACÓN CLAVAÍN, J. *La restauración en libros y documentos. Técnicas de intervención*. 2009.
- TACÓN CLAVAÍN, J. *Soportes y técnicas documentales. Causas de su deterioro*. Madrid: Ollero y Ramos, 2011.
- QUYÉ, A y WILLIAMSON, C. *Plastic. Collecting and Conserving*. Cambridge: NMS Publishing limited, 1999.
- RODRÍGUEZ LASO, M. D. *El soporte de papel y sus técnicas. Degradación y conservación preventiva*. Gipuzkoa: Servicio editorial de la Universidad del País Vasco, 1999.
- *Reflexiones sobre conservación de alfombras y tapices. Jornadas celebradas durante los días 19, 20 y 21 de octubre de 2006 en el Instituto del Patrimonio Cultural de España y el Museo Nacional de Artes decorativas*. Madrid: Ministerio de Educación Cultura, 2010.
- Stem. *Catálogo de productos*. Badalona: Stem, 2014. Obtenido de: <http://www.stem-museos.com/productes/resources/pdfs/stem-es.pdf>
- VV AA. *Ciencia para los restauradores. Materiales, limpieza y recubrimientos*. London: Archetype Publications, 2012.
- *VII Reunión de Arte Contemporáneo Grupo Español del International Institute of Conservation*. Madrid: Ministerio de Educación Cultura, Grupo Español de Conservación y Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, 2006.
- *VI Reunión de Arte Contemporáneo Grupo Español del International Institute of Conservation*. Madrid:

Ministerio de Educación Cultura, Grupo Español de Conservación y Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, 2005.

- VIGNOTE PEÑA, S y MARTÍNEZ ROJAS, I. *Tecnología de la madera*. Madrid: Ediciones Mundi-Prensa, 2005.
- VILLARQUIDE JEVENOIS, A. *Restauración e conservación de pintura sobre tea. Alteracións, materiais e tratamentos*. Ourense: Normal Edicións de Arte, 2001.
- VILLARQUIDE JEVENOIS, A. *A pintura sobre tea. Historiografía, técnicas e materiais*. Sada: Edicións do castro, 1999.

OBSERVACIÓNS

. Non se permite o uso ou funcionamento de teléfonos móbiles nin ningún outro dispositivo (TIC,s) con capacidade de copia ou gravación, salvo consentimento expreso da docente.

. Non está permitida a gravación de imaxes nin son (Véxase: a *Ley orgánica 6/2006, de 3 de mayo, de Educación, Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales*, el *Reglamento General de Protección de Datos* e/ ou as leis de dereitos de autor).

. Na plataforma didáctica Moodle poderán consultarse as bases dos traballos de elaboración obrigatoria, materiais didácticos e documentación como: artigos de crítica e científicos. A mesma plataforma poderá ser a empregada para a entrega de traballos e a realización de probas, quedando a discreción da docente.

. A biblioteca da Escola conta con material bibliográfico específico sobre os contidos da materia, e con a maioría da bibliografía recomendada.